



EN CAMIÑO

Boletín informativo das parroquias de
Santa María da Franqueira, San Bartolomeu da Lamosa e Santiago de Prado da Canda

Ano I. Nº 3. Decembro 2021

Limiar

Un ano está apiques de rematar. Pensamos que é tempo de balance, pero antes, hai un acontecemento que celebrar. O Nacemento do noso Señor centra o mes de decembro e os comezos do aninovo. Facémolo cos catro domingos do Advento. A pregunta que que nos fai é sinxela: **ESPERAS?** Pero non algo, nin sequera que se cambien as tornas da vida ou que as cousas vaian a mellor. **ESPERAS ALGUÉN?** Pois cando é así, como cando tes convidados na casa, preparas o fogar e o corazón con entusiasmo. Ven alguén visitarte. Un amigo que hai tempo que non vos atopades, un familiar que está fora. Ata os nervios traspasan o teu espiñazo. Pensas terei todo a gusto? Pero, quizais o máis importante, sexa, estar ti a disposición de ter unha boa acollida. Así pasa no Nadal. Non permitamos que a embriaguez do consumo nos embelese de tal xeito que nos distraia do esencial e lamentemos non ter celebrado estas festas como ben se merecen. Quero e desexo desde aquí enviar unha felicitación chea de cariño para todos. Espero que, a pesares da morriña dos que xa non están, ou dos que están lonxe, non nos impida vivilas coa sinxeleza, pero a profundidade que se merecen



Retransmisións da Misa por youtube

Desde hai uns meses vimos de facilitar ás persoas que non se poden achegar ao Santuario da Franqueira a posibilidade de participar na Misa pola canle de Youtube. Entrades na páxina web www.afranqueira.org e na pestaña que hai na parte superior dereita tedes o acceso. Senón tamén podedes entrar polo facebook.

Xabier Alonso

CAMPAÑA NADAL DE CÁRITAS

O día **5 de decembro** despois de finalizada a Misa das **5 da tarde**, no Santuario da Franqueira, teremos un **Concerto solidario** a cargo do compositor e cantante **Rubén de Lis**. O conxunto da obra está titulada **O Nadal do camiño**, facendo unha clara referencia ao Ano santo compostelano. Con esta primeira acción comezamos a campaña de Nadal de Cáritas inetrparroquial coa que poderemos abordar o labor de apoio e acompañamento ás familias da comarca.

No concerto tamén teremos unhas rifas solidarias. Sorteamos agasallos que farán as delicias de nenos e maiores, incluso unha espléndida cesta con produtos de nadal que está valorada en 100€.

Animarse a participar e colaborar coa nosa Cáritas.



MISA DO COMEZO DE MES POLAS INTENCIÓNS DO PAPA E OS DEFUNTOS

Como viñamos de anunciar comezamos a celebrar ao comezo do mes unha Eucaristía polas intencións do Papa e polos finados no mes nos últimos 25 anos. Están expostas nas igrexas as listas. Se alguén quere engadir algún defunto máis da súa familia ou amigos pode comunicalo na sancristía.

Os días e horarios son os seguintes

Prado da Canda: 2 de decembro ás 6 da tarde, rezo do Rosario e Misa

A Lamosa: 3 de decembro ás 6 da tarde, rezo do Rosario e Misa

A Franqueira: Sábado 11 de decembro ás 5,30 da tarde, Rezo do Rosario e Misa

A intención do Papa para este mes é:

Intención para a evanxelización: Os catequistas

Recemos polos catequistas, chamados a proclamar a Palabra de Deus: para que sexan testemuñas dela con valentía, creatividade e coa forza do Espírito Santo.

ESTADÍSTICAS 25 ANOS DAS PARROQUIAS

Estou a realizar un estudo de poboación dos últimos **25 anos** nas tres parroquias. Nesta ocasión, sen ánimo de desanimar a ninguén, veremos algúns datos de defunción. En 25 anos os falecidos son os seguintes

A FRANQUEIRA

114 falecidos, dos que 56 foron mulleres e 58 foron homes

O ano en que houbo máis falecidos foi no 2.000 con 8 persoas, e a seguir con 6 nos anos 2001, 2011 e 2017. Nos anos 2004 e 2013 houbo un so falecido. Nesta parroquia os meses de maior número de falecementos foron en marzo e xullo con 17 nestes 25 anos, e 14 en febreiro, e seguir, 12 en xaneiro. Polo que vemos unha tendencia nos meses do inverno e primavera e no central do verán.

A LAMOSA

108 defuncións, dos que 52 foron mulleres e 56 homes

O ano que houbo máis falecidos foi o 2019 con 10 e neste que estamos con 9, a seguir está o 2017 con 8. No ano en que houbo menos foi no 1998 que non morreu ninguén. Nos meses de maior falecementos en 25 anos foron 14 en abril, 13 e 11 en novembro e decembro, e en xullo e setembro 12. Vemos tamén que en invernos a incidencia é maior.

PRADO DA CANDA

63 enterros, dos que 37 foron mulleres e 26 homes

O ano con maior número de falecidos foi o 2018 con 5, seguido de 4 no 2003. No ano 2006 non morreu ninguén, e con un falecemento temos s anos 2004, 2010, 2011,2012. Nos meses de xuño, novembro e xaneiro morreron 8 persoas, e 7 en abril, outubro e decembro.

Cada parroquia está en función da poboación da mesma. Pero tamén hai que destacar que a idade dos falecidos é máis alta con respecto ás demais na Lamosa, nesta, houbo 8 persoas que superaban os **100 anos**, namentres que a media de idade nas outras dúas é menor con diferenza. Estes datos presentados hoxe teremos que contrastalos no seguinte número cos nacementos, que como ben sabedes é moito menor.

O próximo número trataremos o número dos nacementos nos 25 anos

CLAUSURA DO ANO DE SAN XOSÉ

O día 8 de decembro será a data da clausura deste ano especial dedicado ao patriarca da Igrexa, San Xosé, esposo da Virxe María, custodio do Neno Xesús e patrón de traballadores. O desexo do Papa Francisco é que a nosa ollada cara San Xosé tivera unha proxección moito máis ampla: a familia, os migrantes, os parados, a educación, a Igrexa... as vocacións.



Aproveitando a solemnidade da Inmaculada unimos na mesma celebración os acontecementos principais dos que foron unidos en matrimonio e nunha mesma vocación de traernos e coidar do Fillo. De Deus.

Neste tempo de advento axúdannos a que dispoñamos ben de prepararnos a recibir ao Salvador.

A COROZA DE ADVENTO

A coroa de advento é unha tradición cristiá que simboliza o transcurso do catro semanas de advento. Consiste nunha coroa de ramas (xeralmente de piñeiro ou abeto) con catro (ou en ocasións cinco) veas. Comezando o primeiro domingo de advento, o aceso dunha vela pode acompañarse da lectura da Biblia e oracións. Durante o seguintes tres semanas acéndense o resto das veas ata que a semana anterior a Nadal o catro velas están acesas. Algunhas coroas de advento inclúen unha quinta vela, a "vela de Cristo", que se acende en Nadal



UNHA CEA DE NADAL

Como cada ano entregaremos no Nadal unha vea para que sexa acendida nas mesas dos nosos fogares.

Queremos alumar os corazóns das xentes e sintan nesta noite santa a chegada do Señor

Oración da luz

*Querido Xesús,
ti que viñeches ao mundo
para iluminarnos co teu amor...
brilla especialmente esta noite
nas nosas vidas.
que a túa luz, Señor, nos serene,
nos dea paz e nos axude
a sentirte preto de nós
e unidos aos nosos irmáns .
Nesta noite boa tan especial,
acendemos unha vela ao mesmo tempo
que o farán moitas outras familias
da nosa comunidade.
Que a luz nos una como irmáns
e que o teu amor alongue as nosas vidas
para que este Nadal*

*nos agasalle
cunha aperta de esperanza.
Que así sexa.*

Que la proximidad del nacimiento
de Jesús avive en todas nuestras familias
el deseo de recibirlo con un corazón
puro y agradecido.

Papa Francisco



O BALNEARIO DE MONDARIZ E A FRANQUEIRA



Acabo de ler un libriño de historia local dedicado ao persoeiro do Balneario de Mondariz D.

Enrique Peinador Lines. A obra, escrita por Ricardo Gurriarán, recolle a biografía deste precursor das augas mondarizanas e do labor tan exmplar nos diversos eidos en especial, o termalismo, o turismo e na procura do desenvolvemento da comarca e de Galicia, así como o seu pensamento político, a súa preocupación pola historia e a etnografía. Un libro de moito interés.

Nesta obra recolle tamén a relación co Santuario da Franqueira. Nas publicación do Balneario recóllense os escritos sobre a súa procedencia, as investigacións que algún realizaban en Madrid, e, as descrições das súas romarías, coas fotografías de Pacheco. Un capítulo salientable foi o de Ramón Cabanillas, quen estando a traballar en Mondariz peregrinou ao Santuario e recolleu as coplas que cantaban os romeiros, así como a recomposición dos autos escenificados do Cristián e Mouro.

O Balneario chegou a agasallar aos agüistas cunha medalla conmemorativa das peregrinacións de Pascuillas e Setembro na que acudían ao Santuario.

Pero no noso arquivo temos un pequeno tesouro. Hai uns anos tiven a oportunidade de mercar nun portal de internet a correspondencia referida a este santuario e co Balneario da época de Peinador. Son cartas moi curiosas e con datos da historia. Hoxe voume deter nunha de 1927. Está datada no 9 de agosto, enviada polo párroco da Franqueira D. José Fernández Parada. Está preocupado porque é o seu primeiro ano na parroquia, estivo moi poucos, logo sería párroco en Bouzas durante moitos anos. A preocupación nace pola situación dos romeiros que pasan a noite na Franqueira e non quere que se divirtan de xeito escandaloso, senón da mellor forma e máis edificante. Faille dúas propostas: un radiotelégrafo ou unha sesión de cine. E engade varias peticións máis: que se poden imprimir os programas de actos do santuario na imprenta do balneario e como conseguir unha estrada que pase pola Franqueira.

Cal foi o resultado?

Pois que en setembro de 1927 houbo unha sesión de cine na Franqueira. Teñamos en conta que no balneario xa se realizaban. A noite do 7 para o 8 proxectaron, supoño que ao aire libre, e cunha persoa “dándolle a roda” así aparece nos documentos, que sería para a produción de luz, pois como ben sabedes aínda non chegara a electricidade a Franqueira.

No libro de contas aparece:

Alquiler de una máquina de cine: 127 ptas 19 cms

Al encargado de darle a la rueda: 5 ptas.

O que queda por saber é que película foi a que viron nesa noite

A LAMOSA

A oliveira da Lamosa segue a sorprendernos este ano coa cantidade enorme de olivas que produciu. A raíz disto pomos unha curiosidade. O bispo **Domingo Fernández Angulo** foi bispo da diocese entre os anos 1775 e 1796. Foi o que definitivamente concedeu a categoría de parroquia a Lamosa en 1783 desgaxándoa de O Covelo. Pois na ***“Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tuy y de su Obispado”*** de Ávila y la Cueva, no Tomo IV páxina 353 di o seguinte: *“Promovió la erección de nuevas Iglesias parroquiales, y desmembró muchas con el solo fin de que los fieles fuesen más bien administrados de los Stos Sacramentos por los Párrocos que viviesen inmediatos a ellos, y no a largas distancias como antes sucedía en las tales parroquias. Hizo en la Pousa del Sobreyras un molino de aceite, y adelantó en ella el cultivo de los olivos lo mismo que a su ejemplo se hizo en el obispado, pues desde su tiempo se aumentó mucho este ramo de producción, y se coge tan buen aceite como el que viene de Andalucía”*.

A historia non deixa de nos sorprenden gratamente.



PRADO DA CANDA

A igrexa de Prado da Canda amosa o seu tesouro no retablo barroco que preside o presbiterio. Conforme os datos que se poden saber, e nos que iremos afondando, o seu autor foi o mestre de escultura Benito de Lemos, da parroquia de Osmo, no concello de Cenlle, Ourense. En 1768 rematara o retablo da capela do pazo de Riobóo na súa parroquia de orixe.

O prezo do traballo en Prado foi de 1.100 reais de vellón, e colocado no seu lugar no ano 1769. A imaxe do patrón é tamén desa mesma época e do autor, pois está encaixada perfectamente no seu lugar.

No século XIII, tal e como aparece nos milagres de San Telmo, esta parroquia estaba situada máis abaixo e denominábase Paramos de Canda. Pertenceu a Orde de Malta a encomenda de Beade, Ourense. Posiblemente por esta razón o autor do retablo fora dunha localidade cercana.



O Retablo antes da súa restauración



Luces

Nestes días pasamos bo tempo adornando ás casas, con luces, con moitos motivos decorativos propios do nadal. As cidades e vilas son tamén adornadas con poderosos despregues de luminarias. Todo isto é inequivocamente un sinal de que o nadal esta presente. Aquí na aldea, cada quen, busca a súa propia estela de nadal. Francisco Rocha

CONCERTO DE NADAL SOLIDARIO A FAVOR DE CÁRITAS

O domingo 5 de decembro, despois da Misa das 5 da tarde, no Santuario da Franqueira, teremos un concerto a cargo de Rubén de Lis. Teredes a oportunidade de mrcar unha rifas solidarias coa que conseguir grandes premios e, deste xeito, colaborar co labor que realiza a nosa Cáritas. Moitas grazas.

